

Semente de liberdade

Cando Alexandre Bóveda Iglesias (Ourense 1903-A Caeira 1936) cumpría trece anos, creábanse as Irmandades da Fala, que na capital do Miño foron ter en Vicente Risco e Otero Pedrayo os principais valedores. Deles acadará, xa que logo, o xove Alexandre unha incipiente conciencia galeguista. Rematados os estudos de peritaxe mercantil, o futuro líder do galeguismo pasa aínda outros catro anos en Ourense para, xa en 1926, trasladarse a Pontevedra. Na capital do Lérez, Bóveda entra en contacto coa tertulia que presidían Castelao e Losada Diéguez no café Méndez Núñez, comezando a implicarse nas actividades políticas destes ilustres galeguistas. Xa como unha das figuras destacadas do Partido Galeguista, participa na redacción do Estatuto galego, aprobado por plebiscito popular o 28 de xuño de 1936, días antes da sublevación militar que deu paso á Guerra Civil. Detido polos rebeldes, pouco tem-

Memoria de Alexandre Bóveda



XOSÉ ANTONIO LÓPEZ TEIXEIRA



p o
despois, foi
xulgado por “traizón” e condenado a morrer fusilado polos mesmos militares fascistas que se alzaron contra a IIª República.

Semella admirable que nunha xeira tan curta –foi

asasinado cando apenas contaba trinta e tres anos– puidese desenvolver un labor tan intenso e prolífico. Sobre a traxectoria de Bóveda existía xa unha abondosa bibliografía, agora ampliada con este volume da autoría de David Otero, que leva por títulos *Alexandre Bóveda. Na demanda de restauración* e que edita Laiovento. Ao longo das máis de dúascentas páxinas, coidadosamente redactadas, Otero é quen de deseñar, de xeito exhaustivo e rigoroso, a evolución doutrinal e aínda vital dun dos políticos galeguistas máis considerados, á vez que devolve á actualidade as demandas de restauración tantas e tantas veces expresadas a este respecto polas asociacións que veñen tra-

ballando arreo –entre elas a Fundación Alexandre Bóveda– na recuperación da memoria histórica.

Divulgar a biografía de Alexandre Bóveda, e mesmo demandar das autoridades a proclamación da súa inocencia diante das acusacións que o levaron á morte, non é tarefa trivial e/ou innecesaria; efectivamente, en momentos nos que a verdade permanece agochada pola amnesia que acompañou á amnistía política. De aí que se faga necesario que a iniciativa popular tome o relevo. David Otero esixe das institucións democráticas a restauración da memoria de alguén que foi asasinado por ter cometido o “crime” de defender a liberdade, a lexitimidade dun goberno elixido democraticamente.

Estamos así perante unha obra total que vén deitar luces de nitidez sobre a traxectoria de alguén que, para aló dos poucos anos vividos, foi quen de deixar unha pegada indelével.

OTERO, David, Alexandre Bóveda. Na demanda de restauración, Ed. Laiovento, Santiago, 2008, 235 páxinas.